



O patrimonio herdado

1. Que é?

Parafraseando a lexislación vixente, o patrimonio histórico é a principal testemuña da contribución histórica dos galegos á civilización universal e da súa capacidade creativa contemporánea. O patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo.

2. O meu núcleo urbano é patrimonio? E o meu edificio?

Integran o patrimonio cultural de Galicia, entre outros, os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese arquitectónico e etnográfico. Tamén forman parte deste os conxuntos urbanos e os lugares etnográficos, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor histórico ou antropolóxico. En Galicia hai moitos edificios, moitos núcleos e as súas contornas, moi valiosos desde este punto de vista.

3. Que significa vivir nun núcleo histórico ou nun edificio antigo?

O privilexio de vivir nun lugar excepcional que require de nós o compromiso do seu coidado e a responsabilidade da súa conservación para lles transmitir no mellor estado posible este patrimonio ás xeracións do futuro. Os nosos edificios e as nosas casas, illados ou fóra dos núcleos, son pezas importantes da nosa cultura e podemos participar na tarefa colectiva do seu coidado e mantemento.